



SESION EXTRAORDINARIA
DO PLENO DA CORPORACION
CORRESPONDENTE O DIA 04 DE OUTUBRO DE 2.018

No salón de Sesións da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás vinte horas e un minuto do día catro de outubro de dous mil dezaioito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez, coa *asistencia* do Sres. Concelleiros D. Antonio Blanco Martínez, D. Jose Antonio Carracedo Ramírez, D. Juan Santiago González Rodríguez do grupo municipal do BNG, e D^a María Teresa Pereira Quintas do PSdeG, coa *ausencia* dos Sres. Concelleiros do Grupo Popular, D. Francisco José Montesinos Rodríguez, D. Jose Luis Rodríguez Alonso, D. Santos Piornedo Piornedo e D. Jesús Río Piornedo; actuando como Secretario da Corporación, D. Francisco García Suárez, REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ao obxecto de celebrar a Sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE DATA 28/06/2018

Por unanimidade dos asistentes, aprobouse a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinteoito de xuño de dous mil dezaioito.

2º.- RESOLUCIÓNS ADOPTADAS POLA ALCALDÍA DENDE A ÚLTIMA SESIÓN PLENARIA.

Deuse conta das Resolucións adoptadas pola Alcaldía quedando a disposición dos Sres. Concelleiros para a súa consulta nas dependencias de Secretaría.

3º.- DAR CONTA Ó PLENO DA CORPORACION MUNICIPAL DA LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2017.

Por parte do Sr. Alcalde deuse conta ao Pleno da Corporación Municipal do Decreto da Alcaldía do 10.07.2018 no que foi aprobada a Liquidación do exercicio 2017.

Indica asímeme que a mesma conta cos informes favorables de Secretaría-Intervención por canto cumpre cos principios de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite legal de endebedamento e presenta o seguinte resultado:

- Dereitos recoñecidos netos 1.095.229,72 €
- Obrigas recoñecidas netas 925.925,10 €
- Resultado orzamentario + 169.304,61 €

O Pleno da Corporación toma razón da mesma unha vez desglosados os seus datos polo Secretario-Interventor a petición do Sr. Alcalde.

4º.- APROBACIÓN CONTA XERAL 2017

Dá conta o Sr. Alcalde tamén dos resultados da Conta Xeral solicitando de Secretaría-Interventor que se detalle a mesma para coñecemento da Corporación Municipal e para proceder a súa aprobación.

Vista a Conta Xeral do exercicio 2017, xunto con toda a documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.

Visto que o Titular da Intervención Municipal de fondos procedeu á formación da Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio económico 2017.

Visto que se finalizaron devanditos traballos e obtida a documentación correspondente, a Intervención municipal procedeu a emitir en data 10.07.2018 os correspondentes informes en relación á aprobación da Conta Xeral.

Visto que con posterioridade, a Comisión Especial de Contas do Concello en sesión celebrada en data 13.07.2018 emitiu o correspondente informe preceptivo en relación á Conta Xeral desta corporación relativo ao exercicio 2017.



Visto que mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de data 28.7.2018 a Conta Xeral –xuntamente co informe de devandita comisión- foron obxecto de exposición ao público durante o prazo de quince días, durante os cales, e oito máis, os interesados puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Visto que a Intervención Municipal certificou que non se formularan reclamacións ou observacións á Conta Xeral da Corporación relativo ao exercicio 2017 e ao informe emitido pola Comisión Especial de Contas, en relación a devandita conta.

Visto o informe da Comisión Especial de Contas, previa a este Pleno do 27.09.2018 e de conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno, adopta por unanimidade e co quorum da maioría absoluta do número legal de membros da corporación o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2017

SEGUNDO.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Consello de Contas e do Tribunal de Cuentas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Función Pública.»

5º.- EXPTE. DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 2/2018 CON CARGO Ó REMANENTE DE TESOURERÍA.

«Visto que existen gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, pola Alcaldía propúxose a modificación de crédito extraordinario con cargo ao remanente líquido de tesouraría.

Visto a Memoria do Alcalde na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

Visto que se emitiu informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se emitíu informe de Intervención polo que se informou *favorablemente* a proposta de Alcaldía e que se elaborou Informe de Avaliación do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.

Visto o informe-proposta de Secretaría e o Ditame da Comisión Informativa de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno, a proposta da Comisión Informativa de Facenda desglosando a ampliación do consumo de electricidade en dúas aplicacións de gasto cun incremento de 30.000 euros en cada unha, adopta, por unanimidade dos asistentes o seguinte



ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2/2018, na modalidade de crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, de acordo co seguinte resumo por capítulos:

Estado de gastos

Aplicación		A) D escric ión	Créditos iniciais	Crédito extraordinario	Créditos finais
Progr.	Económica				
011	91300	Amortización Prestamos LP	65.000,00	150.000,00	215.000,00
165	22100	Enerxía eléctrica	42.009,02	30.000,00	72.009,02
920	22100	Enerxía eléctrica	3.500,00	30.000,00	33.500,00
		TOTAL	110.509,02	210.000,00	320.509,02

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de Tesouraría, nos seguintes termos:

Estado de ingresos

Aplicación: económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	87	8700	Remanente de tesourería para gastos xerais	210.000,00
			TOTAL INGRESOS	210.000,00

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores por canto pretende reducir débeda municipal amortizando anticipadamente Préstamos a longo prazo e recibos de consumo eléctrico con recoñecemento extraxudicial de créditos.



b) A inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas».

6º.- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PXOM DE A MEZQUITA. ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. Aprobado inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal por Acordo do Pleno de data 19.12.2014 foi sometido a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia núm. 72, de data 17 de abril de 2015 e nos xornais Faro de Vigo de data 18 de abril de 2015 e La Voz de Galicia de 18 de abril de 2015.

SEGUNDO. Durante o periodo de información pública, presentáronse as seguintes alegacións:

Nº DE REXISTRO DE ENTRADA	NOME E APELIDOS
251/2015	JOSE MARTÍNEZ LOSADA
249/2015	SIMPLICIO GONZÁLEZ GARCÍA
296/2015	AMPARO PÉREZ RODRÍGUEZ
376/2015	FRANCISCA ESTÉVEZ DIÉGUEZ
375/2015	BASELISA LUIS GUERRA
404/2015	VALERIA RODRÍGUEZ ALONSO
413/2015	MARISOL GARCÍA ESTÉVEZ
411/2015	MIGUEL GARCÍA ESTÉVEZ
412/2015	MIGUEL GARCÍA ESTÉVEZ

TERCEIRO. Recibiuse Informe da Consellería competente en materia de Urbanismo.

CUARTO. Con data 8.05.2015 solicitouse informe das seguintes Administracións sectoriais:

- CONCELLO DE VIANA DO BOLO
- AYUNTAMIENTO DE LUBIÁN
- AYUNTAMIENTO DE HERMISENDE



- AYUNTAMIENTO DE PÍAS
- CONCELLO DE A GUDIÑA
- DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE
- AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUCTURAS- SANTIAGO
- DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA- SANTIAGO
- SECRETARÍA XERAL DE MEDIO RURAL E MONTES- SANTIAGO
- SUBDIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS MINERAIS- SANTIAGO
- DIRECCIÓN GENERAL DE FERROCARRILES – MADRID
- ADIF- A CORUÑA
- DIRECCION GENERAL DEL PATRIMONIO DEL ESTADO- MADRID
- CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL DUERO- VALLADOLID
- DEMARCACIÓN DE ESTRADAS DO ESTADO EN GALICIA- OURENSE
- MINISTERIO DE INDUSTRI – MADRID
- CAMARA MUNICIPAL DE VINHAIS- VINHAIS (PORTUGAL)

QUINTO. Respecto das alegacións, suxestións e alternativas, informouse polo equipo redactor:

INFORME ÁS ALEGACIÓN

PARROQUIA DE SANTA MARIA DE MANZALVOS

· NUCLEO RURAL DE MANZALVOS

Alegacion (249) Presentada por D./Dna Simplicio González García

DNI : 76.771.406-M

Infórmase Desfavorablemente

A parcela está afectada pola estrada OU-311 e atópase a máis de 50 m. da última vivenda tradicional, polo que non pode ser incluída na delimitación do núcleo.

PARROQUIA DE SAN PEDRO DE PEREIRO

· NUCLEO RURAL DE SOBREMUNOS

Alegacion (251) Presentada por D./Dna José Martínez Losada

DNI : 34.724.203-E

Infórmase Desfavorablemente

A parcela sinalada na alegación atópase afectada polo S.R.P.I. da N-525. Esta afección vén indicada no informe sectorial vinculante do Ministerio de Fomento.

Alegacion (404) Presentada por D./Dna Ma Valeria Rodríguez Alonso

DNI : 76.711.304-N

Infórmase Favorablemente

Inclúese no SNR a parcela indicada na alegación, xa que se cumpren os requisitos da LS, non estando afectada por ningunha lei sectorial..

PARROQUIA DE SAN MARTINO DE MEZQUITA

· NUCLEO RURAL DE A MEZQUITA

Alegacion (296) Presentada por D./Dna Amparo Pérez Rodríguez

DNI : 76.770.164-M

Infórmase Favorablemente

Grafíase o vial sinalado na alegación na cartografía do PXOM.

Alegacion (375) Presentada por D./Dna Baselisa Luis Guerra

DNI : 32.352.665-Z

Infórmase Desfavorablemente. A demanda de solo derivada da evolución demográfica, non xustificaría unha clasificación de solo urbano expansiva, ademais de ter acceso desde un vial de titularidade da Deputación.



Alegacion (376) Presentada por D./Dna Francisca Estévez Diéguez

DNI : 76.711.314-N

Infórmase Desfavorablemente. A demanda de solo derivada da evolución demográfica, non xustificaría unha clasificación de solo urbano expansiva, ademáis de ter acceso desde un vial de titularidade da Deputación.

PARROQUIA DE SANTA M^a DA CABEZA VILAVELLA

· NUCLEO RURAL DE VILAVELLA

Alegacion (411) Presentada por D./Dna Miguel García Estévez

DNI : 34.726.744-X

Infórmase Desfavorablemente

Segundo o informe sectorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

“Non se xustifica a delimitación como núcleo rural da bolsa illada de terreos ao leste do núcleo de Vilavella carente de tramado e constituída por edificacións illadas desvencelladas do núcleo existente, ao non presentar carácter de núcleo rural que determina o art.13.1”.

Alegacion (412) Presentada por D./Dna Miguel García Estévez

DNI : 34.726.744-X

Infórmase Desfavorablemente

Segundo o informe sectorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

“Non se xustifica a delimitación como núcleo rural da bolsa illada de terreos ao leste do núcleo de Vilavella carente de tramado e constituída por edificacións illadas desvencelladas do núcleo existente, ao non presentar carácter de núcleo rural que determina o art.13.1”.

Alegacion (413) Presentada por D./Dna Marisol García Estévez

DNI : 34.724.390-V

Infórmase Desfavorablemente

Segundo o informe sectorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

“Non se xustifica a delimitación como núcleo rural da bolsa illada de terreos ao leste do núcleo de Vilavella carente de tramado e constituída por edificacións illadas desvencelladas do núcleo existente, ao non presentar carácter de núcleo rural que determina o art.13.1”.

Asimesmo incorporouse ao documento do PXOM as cuestión plantexadas nos informes sectoriais recibidos



INFORMES SECTORIAIS DA MEZQUITA			
INFORME	SOLICITUDE	RECIBIDO	SITUACIÓN
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural	21/05/2015	14/11/2016	DESFAVORABLE
	24/04/2017	13/09/2017	FAVORABLE
Consellería do Medio Rural e do Mar (Xefatura Territorial - Servizo de Montes)		25/06/2015	FAVORABLE
Consellería do Medio Rural (Axencia galega de Desenvolv. Rural)	30/04/2015	19/06/2015	FAVORABLE
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (I.E.T.)	30/09/2016	26/01/2017	DESFAVORABLE
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Dirección Xeral de Conservación da Natureza)	30/04/2015	15/09/2015	FAVORABLE (CONDICIONADO)
Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria	06/06/2015	10/08/2015	NON PON OBXECCIÓNS
Axencia Galega de Infraestruturas	24/02/2014	26/06/2014	DESFAVORABLE
	18/05/2015	28/08/2015	DESFAVORABLE
	20/08/2016	23/11/2016	FAVORABLE
Deputación	14/05/2015	28/12/2015	DESFAVORABLE
	28/04/2016	08/09/2016	FAVORABLE
Dirección General del Patrimonio del Estado	30/04/2015	29/05/2015	FAVORABLE
Confederación Hidrográfica del Duero	15/05/2015	16/11/2015	DESFAVORABLE
	28/04/2016	26/05/2016	FAVORABLE (CONDICIONADO)
Ministerio de Industria, Energía y Turismo (Subdirección General de Redes y Operadores de Telecomunicaciones)	06/05/2015	05/06/2015	DESFAVORABLE (solicitado novamente e a espera de resposta)
Ministerio de Fomento (Dirección General de Carreteras)	08/07/2013	10/10/2013	DESFAVORABLE
	02/09/2013		FAVORABLE
Ministerio de Fomento. (Secretaría General de Infraestructuras - Planificación Ferroviaria)	30/04/2015	02/06/2015	DESFAVORABLE
	05/05/2016	08/06/2016	DESFAVORABLE
	29/12/2016	01/2017	FAVORABLE
ADIF	30/04/2015	28/05/2015	NON PON OBXECCIÓNS (remitido ás determinacións do Ministerio de Fomento)

SEXTO. Con data 11.06.2018, por parte do equipo redactor, elaborouse a proposta final do plan, que foi emitida, xunto co resto de documentos necesarios, ao órgano ambiental competente con data 11-06-2018

SÉTIMO. Con data 11.09.2018, recibíuse a Declaración ambiental estratéxica emitida pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio climático que considera o PXOM ambientalmente viable.

Visto canto antecede, contando co informe favorable do Secretario-Interventor, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación provisional polo Pleno deste Concello, de conformidade co previsto no artigo 60.13 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e nos artigos 22.2.c) e 47.2.II) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Despois de sinalar o Alcalde da importancia do PXOM para o desenvolvemento económico-social do Concello de A Mezquita.



O Pleno da Corporación Municipal por unanimidade e co quorum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación Municipal,

ACORDA

PRIMEIRO. Desestimar as seguintes alegacións presentadas en relación co expediente de aprobación de Plan Xeral de Ordenación Municipal, polos motivos expresados no informe do que se remitirá copia aos interesados xunto coa notificación do presente Acordo.

PARROQUIA DE SANTA MARIA DE MANZALVOS

· NUCLEO RURAL DE MANZALVOS

Alegacion (249) Presentada por D./Dna Simplicio González García

DNI : 76.771.406-M

Infórmase Desfavorablemente

A parcela está afectada pola estrada OU-311 e atópase a máis de 50 m. da última vivenda tradicional, polo que non pode ser incluída na delimitación do núcleo.

PARROQUIA DE SAN PEDRO DE PEREIRO

· NUCLEO RURAL DE SOBREMUNOS

Alegacion (251) Presentada por D./Dna José Martínez Losada

DNI : 34.724.203-E

Infórmase Desfavorablemente

A parcela sinalada na alegación atópase afectada polo S.R.P.I. da N-525. Esta afección vén indicada no informe sectorial vinculante do Ministerio de Fomento.

PARROQUIA DE SAN MARTINO DE MEZQUITA

· NUCLEO RURAL DE A MEZQUITA

Alegacion (375) Presentada por D./Dna Baselisa Luis Guerra

DNI : 32.352.665-Z

Infórmase Desfavorablemente. A demanda de solo derivada da evolución demográfica, non xustificaría unha clasificación de solo urbano expansiva, ademais de ter acceso desde un vial de titularidade da Deputación.

Alegacion (376) Presentada por D./Dna Francisca Estévez Diéguez

DNI : 76.711.314-N

Infórmase Desfavorablemente. A demanda de solo derivada da evolución demográfica, non xustificaría unha clasificación de solo urbano expansiva, ademais de ter acceso desde un vial de titularidade da Deputación.

PARROQUIA DE SANTA M^a DA CABEZA VILAVELLA

· NUCLEO RURAL DE VILAVELLA

Alegacion (411) Presentada por D./Dna Miguel García Estévez

DNI : 34.726.744-X

Infórmase Desfavorablemente

Segundo o informe sectorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e

Infraestruturas:

“Non se xustifica a delimitación como núcleo rural da bolsa illada de terreos ao leste do núcleo de Vilavella carente de tramado e constituída por edificacións illadas desvencelladas do núcleo existente, ao non presentar carácter de núcleo rural que determina o art.13.1”.

Alegacion (412) Presentada por D./Dna Miguel García Estévez

DNI : 34.726.744-X

Infórmase Desfavorablemente

Segundo o informe sectorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:



“Non se xustifica a delimitación como núcleo rural da bolsa illada de terreos ao leste do núcleo de Vilavella carente de tramado e constituída por edificacións illadas desvencelladas do núcleo existente, ao non presentar carácter de núcleo rural que determina o art.13.1”.

Alegación (413) Presentada por D./Dña Marisol García Estévez

DNI : 34.724.390-V

Infórmase Desfavorablemente

SEGUNDO. Estimar as alegacións presentadas en relación co expediente de aprobación de Plan Xeral referenciado, polos motivos expresados no informe, do que se remitirá copia aos interesados xunto coa notificación do presente Acordo, en consecuencia, introducir no expediente as modificacións indicadas en devandito informe.

PARROQUIA DE SAN PEDRO DE PEREIRO

· NUCLEO RURAL DE SOBREMUNOS

Alegación (404) Presentada por D./Dña Ma Valeria Rodríguez Alonso

DNI : 76.711.304-N

Infórmase Favorablemente

Inclúese no SNR a parcela indicada na alegación, xa que se cumpren os requisitos da LS, non estando afectada por ningunha lei sectorial.

PARROQUIA DE SAN MARTINO DE MEZQUITA

· NUCLEO RURAL DE A MEZQUITA

Alegación (296) Presentada por D./Dña Amparo Pérez Rodríguez

DNI : 76.770.164-M

Infórmase Favorablemente

Grafíase o vial sinalado na alegación na cartografía do PXOM.

TERCEIRO. Aprobar provisionalmente o Plan Xeral de Ordenación Urbana coas modificacións resultantes das alegacións formuladas e dos informes sectoriais.

CUARTO. Unha vez dilixenciado, elevar o expediente de Plan Xeral de Ordenación Municipal á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva

QUINTO. Aprobado provisionalmente o PXOM de A Mezquita solicitar da Subdirección Xeral de Urbanismo o libramento do 20% correspondente á axuda concedida ao abeiro da Orde de 28.12.2007 para o pagamento ao equipo redactor da fase correspondente á aprobación provisional por importe de 19.630,08 €

7º.- AUTORIZACIÓN DA CESIÓN DE CONTRATO DE REDACCIÓN DO PXOM DE A MEZQUITA.

Vista a solicitude de cesión de contrato formulada por D. Jesús Pablo González Vázquez con DNI 33336336K en representación da empresa AGROSOFT CONSULTORES S.L. con CIF B273227089 adxudicataria do contrato de Servizos de Redacción do PXOM de A Mezquita a favor da empresa DVEGA ARQUITECTURA, TERRITORIO Y MEDIO AMBIENTE S.L. da que é administrador único Antonio de Vega Rodríguez.

Vista a conformidade de ambos e as razóns expostas de incompatibilidade do solicitante e a continuidade do coordinador dos traballos de redacción dirixido por D. Antonio de Vega Rodríguez.

O Pleno por unanimidade dos asistentes e co quorum da maioría absoluta do número legal de membros da corporación municipal adopta o seguinte ACORDO:



Autorizar a cesión do contrato asinado polo Concello de A Mezquita con data 28 de decembro 2008 coas adendas contempladas no mesmo con data 28.12.2008 e 03.12.2010 coa empresa AGROSOFT CONSULTORES S.L. a favor da empresa DVEGA, ARQUITECTURA TERRITORIO Y MEDIO AMBIENTE S.L. representadas respectivamente por D. Xesús Pablo González Vázquez e D. Antonio de Vega Rodríguez.

Esta cesión conleva que o cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e todas as obrigas que corresponderían ao cedente dende a presente data.

8º.- ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ SUSTITUTO.

Visto o escrito de data 03.09.2018 do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción nº 2 de Verín en relación ao Expte. Gubernativo 0000093/2017 no que solicita do Pleno da Corporación municipal, se proceda a elixir libremente Xuíz de Paz sustituto ao abeiro do disposto no artigo 101.2 da LOPX e 6 do Regulamento 3/95 do 7 de xuño de Xuíces de Paz, a Alcaldía propón que vista a convocatoria pública realizada para este nomeamento, vista a solicitude formulada por D^a M^a Luz Batista Pires con DNI 34634436R, veciña de A Mezquita sexa nomeada polo Pleno como Xuíz de Paz sutituta.

O Pleno vista a proposta da Alcaldía,

Vista a solicitude presentada e considerando que cumpre cos requisitos esixidos, por unanimidade e co quorum da maioría absoluta do número legal de membros da corporación,

ACORDA,

Nomear a D^a María da Luz Batista Pires con DNI 34634436R Xuíza de Paz sustituta do Xulgado de Paz de A Mezquita dando traslado deste acordo a interesada e ao Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción nº 2 de Verín.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos, da que se levanta a presente acta, que como Secretario dou fé e Certifico

O ALCALDE,

O SECRETARIO,